

Curso de cestería en palla de centeo na parroquia de Chandebrito

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 09 Setembro 2015 22:39



A Asociación Veciñal e Cultural "Chandebrito 1807", consciente do éxito obtido noutras edicións realizadas e co fin de recuperar e poñer en valor un dos oficios tradicionais máis antigos, convoca para esta nova tempada 2015/2016 un curso de cestería tradicional, denominado "Cestería en palla de centeo (III)", coas seguintes características:

-Técnica: cosido en espiral con palla de centeo.

-Elaboración de cestos que conteñan grans e sementes.

-Impartido por Rubén Berto Covelo (Vigo), mestre cesteiro artesán.

-Ferramentas que deberá levar o alumnado: navalla e punzón.

-Lugar: escola infantil de Chandebrito (rúa da igrexa, 2).

-Datas: tódolos luns dende o 5 de outubro de 2015 ata o 28 de decembro de 2015 (ambos incluídos) (12 sesións).

-Horario: de 18.00 a a 20.30 h. (2,5 horas semanais).

-Nº participantes: un mínimo de 8 – e un máximo de 12 .

-Máis información e inscricións: ata o día 30 de setembro, na páxina web chandebrito1807.blogspot.com , a través do correo electrónico chandebrito1807@gmail.com ou no teléfono 667380223.